

Bo día,

Pola presente, invitámoslle á **III Xornada “A saúde en todas as políticas. Tecendo Redes Saudables no Ámbito Comunitario”**, organizada pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade e da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). A xornada terá lugar en Santiago de Compostela, no salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o día 24 de outubro.

Esta xornada pretende fomentar a inclusión da saúde en todas as políticas mediante un modelo de traballo baseado en redes, e presentar as bases para avanzar na promoción da saúde e a prevención de enfermidades en contornos locais mediante a acción comunitaria.

Este evento é unha oportunidade de establecer un marco común de traballo que permita difundir as boas prácticas establecidas para conseguir a mellora das condicións de vida da cidadanía, e tamén de destacar a relevancia dos determinantes sociais nos hábitos de vida da poboación e a súa importancia no desenvolvemento de iniciativas e proxectos destinados á promoción da saúde.

A saúde da cidadanía non só se ve influenciada polas decisións políticas adoptadas no ámbito sanitario, senón tamén por todas aquelas que se adoptan nos distintos ámbitos das administracións públicas. Por iso, e dada a importancia da sensibilización e a formación das empregadas e dos empregados públicos implicados, agradecemoslle de antemán a súa colaboración na difusión desta información entre o persoal directivo e o persoal técnico da súa área de responsabilidade, e esperamos poder contar coa súa asistencia á xornada.

A admisión para a participación na xornada será por rigorosa orde de inscrición ata cubrir a capacidade da sala. Pode inscribirse a través da seguinte ligazón:

<http://enquisas.xunta.gal/index.php/917544?lang=gl>

Así mesmo, esta xornada será retransmitida en directo e gravada para a súa posterior visualización. A ligazón ao *streaming* e a información sobre o evento poderá atopalas na páxina web da xornada:

<https://www.sergas.gal/Saude-publica/III-Xornada-A-saude-en-todas-as-politicas>

Reciba un cordial saúdo

En Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Carmen Durán Parrondo

Directora Xeral de Saúde Pública